

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 21 DE ABRIL DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se establece a ordenación dos albergues turísticos.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba o Plan de inclusión dixital de Galicia 2020.
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de carácter plurianual e a concesión de anticipos do 50 % na resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciada polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para os anos 2016 e 2017.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Cortegada, para a execución das obras de acondicionamento da praza Campo da Feira, por un importe de cento sesenta e catro mil once euros con vinte e sete céntimos (164.011,27 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Riós, para a execución das obras de acondicionamento da praza na Trepá, por un importe de cento sesenta e un mil oitocentos dezaioito euros con vinte e dous céntimos (161.818,22 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Valga, para a construción dun edificio de usos administrativos, por un importe de cento sesenta mil euros con dous céntimos (160.000,02 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a prórroga para o ano 2017 do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano da Coruña, asinado o 22 de outubro de 2010, por importe de tres millóns catrocentos corenta e dous mil novecentos seis euros con oitenta e dous céntimos (3.442.906,82 €).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga para o ano 2017 do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Santiago de Compostela, asinado o 3 de decembro de 2010, por importe dun millón douscentos corenta e oito mil seiscentos once euros con trinta e seis céntimos (1.248.611,36 €).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga para o ano 2017 do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Ferrol, asinado o 27 de decembro de 2010, por importe de novecentos trinta e dous mil cento corenta e tres euros con sesenta e seis céntimos (932.143,66 €).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga para o ano 2017 do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Lugo, asinado o 29 de decembro de 2010, por importe de cento catro mil catrocentos noventa e seis euros con trinta e oito céntimos (104.496,38 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal denominado LAT 132 kV subestación Ludrio - subestación Meira, de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación da obra de construción dun novo IES en Soutomaior (Pontevedra) (fase I), cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional nun 80%, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, eixe 10, obxectivo específico 10.05.01, por un orzamento total de seis millóns trescentos vinte mil catrocentos trinta e dous euros con cincuenta céntimos (6.320.432,50 €), IVE incluído.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e na disposición adicional segunda da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; no proxecto de orde pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social e se procede á súa convocatoria para os anos 2016 e 2017 (cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional). Total: oito millóns catrocentos trinta e cinco mil trescentos oito euros con oitenta e catro céntimos (8.435.308,84 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a concesión de subvencións aos Consellos Reguladores das denominacións de calidade para financiar os seus gastos de funcionamento, por un importe total de catrocentos setenta e un mil cento oitenta e oito euros con noventa e nove céntimos (471.188,99 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o Plan de eficiencia enerxética e obras menores nos edificios xudiciais da Xunta de Galicia 2016-2018.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Informe sobre o convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e o Concello de Monforte de Lemos para a realización da obra da estación depuradora de augas residuais e bombeo saída río Cabe (1ª fase) da área Loxística e Intermodal Porto Seco de Monforte de Lemos (Lugo).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a evolución dos préstamos Jeremie.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre axudas para industrialización, comercialización e promoción da calidade agroalimentaria.

TURISMO DE GALICIA IMPULSA UNHA NOVA ORDENACIÓN DOS ALBERGUES TURÍSTICOS CO OBXECTIVO DE INCREMENTAR A SÚA CALIDADE

- *Unha das novidades máis destacadas que inclúe a nova regulación é unha nova clasificación para os albergues turísticos baseada en dúas categorías*
- *Así mesmo, introduce o recoñecemento dunha categoría especial para os albergues de peregrinos do Camiño de Santiago*
- *Ademais, para adaptarse á realidade dos usuarios destes establecementos, nunha elevada porcentaxe peregrinos, o novo decreto establece un réxime especial de prezos, reservas e horarios*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto polo que se establece a ordenación dos albergues turísticos de Galicia.

Este decreto ten por obxecto regulamentar os albergues turísticos como un dos tipos de establecementos en que se exerce a actividade turística de aloxamento, establecer os requisitos para a súa clasificación, así como o réxime para o exercicio de actividades e prestación de servizos

Esta nova regulación introduce como principal novidade unha nova clasificación para os albergues turísticos baseada en dúas categorías. O decreto substitúe, así, a actual clasificación por estrelas e corresponden os dunha ou dúas estrelas á segunda categoría e os de tres estrelas á primeira categoría.

Outras das novidades deste novo decreto é o recoñecemento dunha categoría especial para os albergues de peregrinos do Camiño de Santiago. Estes albergues deberán cumprir os requisitos mínimos para os albergues turísticos de segunda categoría e estarán caracterizados por estaren situados nun área de 3 km en torno á Ruta Xacobeá, por seren xestionados por entidades sen ánimo de lucro e por reunir como elementos esenciais no desenvolvemento da súa actividade a función hospitalaria e a inexistencia do interese de facer negocio. A súa finalidade é a acollida dos peregrinos do Camiño de Santiago.

Así mesmo, co obxectivo de adaptarse á realidade das persoas usuarias turísticas deste tipo de establecemento turístico, nunha elevada porcentaxe peregrinos, o novo decreto establece para os albergues turísticos un réxime especial que exclúe o establecido con carácter xeral en canto ao réxime de prezos e reservas dos establecementos turísticos de aloxamento e restauración en Galicia. Deste xeito, a nova regulación recolle, por exemplo, unha xornada que se inicia ás 13:00 horas do primeiro día do período contratado e finaliza ás 10:00 horas do día sinalado como data de saída.

O obxectivo desta nova norma é acadar un incremento na calidade dos albergues turísticos, como establecementos de aloxamento turístico, que fan atractivo o noso territorio como destino turístico.

O PLAN DE INCLUSIÓN DIXITAL DE GALICIA 2020 PON Á DISPOSICIÓN DE TODOS OS GALEGOS O POTENCIAL DAS TIC PARA MELLORAR A SÚA AUTONOMÍA PERSOAL, A EMPREGABILIDADE E IMPULSAR O EMPRENDEMENTO

- *Actuará para reducir a primeira fenda dixital, a do acceso ás TIC, fomentando o seu uso básico entre os colectivos que nunca o fixeron*
- *Impulsará a madurez dixital da cidadanía que emprega a tecnoloxía, ampliando a súa capacitación dixital para mellorar empregabilidade*
- *Promoverá a innovación social dixital, impulsando novas formas de facer, participar e relacionarse para resolver desafíos sociais empregando as TIC*
- *Contará coa cooperación dos axentes do ecosistema dixital galego a través dun novo modelo de relación flexible e en rede sustentado en "alianzas dixitais"*
- *Mobilizará máis de 7 millóns de euros de fondos públicos nos próximos cinco anos*

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia pon en marcha o Plan de inclusión dixital de Galicia 2020, aprobado hoxe no Consello da Xunta, para acadar unha sociedade plenamente dixital formada e capacitada no uso das tecnoloxías, capaz de explotar e aproveitar todo o potencial das TIC a nivel persoal, profesional e relacional.

Cun orzamento de máis de 7 millóns de euros en cinco anos, o Plan artículase en torno a un novo modelo de relación flexible e en rede, sustentado en alianzas dixitais entre a Xunta de Galicia e os diferentes axentes do ecosistema dixital que permitirá sumar capacidades, recursos e iniciativas.

O plan ofrece á sociedade galega un servizo integral de dixitalización que abrangue desde as accións para a alfabetización dixital ata aquelas que permitan a calquera persoa, independentemente do nivel dixital en que se atope, avanzar, madurar e acceder a maiores niveis de coñecemento e uso das TIC. Para acadar este obxectivo, o plan establece actuacións en 3 grandes eixes estratéxicos: a alfabetización dixital, a capacitación dixital e a innovación social dixital e participativa.

Alfabetización dixital

Coas actuacións lanzadas no marco deste eixe, dotarase a cidadanía dos coñecementos dixitais básicos para aprender e abordar con confianza e normalidade o uso das tecnoloxías e salvar, polo tanto, a primeira fenda dixital, a do acceso ás TIC.

Algunhas das accións máis relevantes son o reforzo do programa formativo en alfabetización dixital "Faite Dixit@I"; a impartición de cursos, talleres e charlas, a realización de sesións demostradoras para achegar o uso de dispositivos móbiles aos maiores, a realización de xornadas intexeneracionais entre persoas maiores e novas,

así como o reforzo e confianza da rede a través de sesións informativas a rapaces e rapazas, así como aos seus familiares, sobre os riscos da internet, entre outras.

Capacitación dixital

Este eixe entronca coas políticas europeas de aprendizaxe permanente e busca dotar a sociedade galega das capacidades dixitais para salvar a segunda fenda dixital, a das habilidades dixitais, para obter os máximos beneficios do acceso á rede, desde un punto de vista persoal, profesional e social.

As actuacións previstas centraranse na impartición dun programa formativo de capacitación dixital avanzada sobre usos cotiáns das TIC (banca electrónica, compras en liña, trámites coa Administración..), o desenvolvemento de accións formativas para a obtención da certificación galega en competencias dixitais en ofimática (Codix) e a súa adaptación ás persoas con discapacidade.

Ademais prevese o deseño e impartición de itinerarios formativos centrados na busca de emprego, elaboración do currículo, etc, así como a realización de xornadas temáticas sobre as oportunidades de emprego que ofrece o sector TIC e demanda de novos perfís e profesións da era dixital.

Innovación social dixital e participativa

O obxectivo deste eixo é promover o uso das TIC para dar resposta a necesidades sociais a través de proxectos colaborativos dixitais.

Para avanzar neste sentido, en primeiro lugar, fomentárase a adquisición das habilidades necesarias para participar activamente nos procesos de innovación social dixital.

Ademais, o Plan prevé a elaboración dun mapa de innovación social dixital de Galicia co fin de dar a coñecer as iniciativas de innovación social baseadas nas TIC que promoven a resolución de retos sociais na nosa comunidade e impulsar a creación dunha rede de mentores, asesores e expertos que actuarán coma guías no proceso de innovación social dixital, dinamizando actuacións e ofrecendo apoio e orientación a futuros emprendedores.

Portal web, catálogo de servizos e mapa de recursos

O plan establece tamén a posta en marcha de tres ferramentas transversais que permitirán dar soporte ao resto de actuacións do plan.

No vindeiro mes lanzarase un novo portal web "Faite Dixit@I", o espazo na rede que aglutinará todas as accións de comunicación sobre a inclusión dixital. Está prevista a elaboración dun mapa con toda a oferta de activos e recursos dixitais que permite un

maior aproveitamento dos medios grazas á súa posta en común. Ademais, porase á disposición da cidadanía un catálogo de servizos dixitais coas actuacións que se van realizar para afrontar os diferentes niveis de madurez dixital da cidadanía.

A XUNTA PON EN MARCHA UN PROGRAMA PIONEIRO A NIVEL ESTATAL PARA A INSERCIÓN LABORAL DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

- *A premisa do programa é que as vítimas poidan acadar unha mellora na súa empregabilidade e a inserción no mercado de traballo, como mecanismos claves para conseguir a súa independencia económica e persoal*
- *A Secretaría Xeral da Igualdade destina para a concesión destas axudas preto dun millón de euros*
- *O Goberno galego mantén o compromiso de articular unha resposta global á problemática da violencia de xénero a través dunha asistencia integral ás mulleres vítimas e ás persoas ao seu cargo*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero na nosa comunidade, cofinanciada polo Fondo Social Europeo, para o período 2016 e 2017, cun orzamento de 975.000 euros.

A convocatoria, pioneira a nivel estatal, ten por obxecto desenvolver programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero, coa finalidade de apoialas na súa integración ou reintegración no mercado laboral, como elemento clave para unha recuperación integral, tendo en conta que a falta de recursos propios, fundamentalmente dun posto de traballo, dificulta en moitas ocasións a ruptura da situación de violencia, e a inserción sociolaboral é un mecanismo fundamental e clave para que unha muller que sufriu violencia de xénero consiga a súa independencia económica e persoal, tan necesaria para rachar os vínculos co agresor e acadar a súa efectiva recuperación integral.

A Xunta mantén o compromiso de articular unha resposta global á problemática da violencia de xénero en calquera das súas modalidades e consecuencias a través dunha asistencia integral ás mulleres vítimas e ás persoas ao seu cargo, fortalecendo a prevención para avanzar na erradicación desta lacra, polo que é preciso dotar ás vítimas da violencia de xénero das ferramentas necesarias para incorporarse ao mundo laboral e obteren independencia económica. Polo que esta orde ten como obxectivo prioritario o desenvolvemento de programas de inserción laboral, coa finalidade de apoialas na súa integración ou reintegración no mercado laboral, como elemento clave para a súa recuperación integral, tendo en conta que a falta de recursos propios, fundamentalmente dun posto de traballo, dificulta en moitas ocasións a ruptura da situación de violencia.

Poden ser destinatarias das subvencións reguladas na convocatoria as entidades de iniciativa social que cumpran as obrigas e os requisitos exixidos nesta resolución e que

carezan de ánimo de lucro, teñan o seu domicilio social en Galicia ou delegación na Comunidade Autónoma, non se atopen en ningunha das situacións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ademais cumpran e as condicións establecidas na normativa xeral de subvencións.

Accións subvencionables

Será subvencionable o desenvolvemento de programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero en Galicia, coa finalidade de apoialas na súa integración ou reintegración no mercado laboral, como elemento clave para unha recuperación integral, a través de accións de itinerarios de inserción, que poden comprender accións como o diagnóstico competencial e o deseño dun plan de acción personalizado para a busca de emprego para cada participante; na orientación profesional e asesoramento laboral para o emprego; na busca activa de emprego con acompañamento e seguimento da dita busca; na intermediación laboral e contacto con empresas xestionando as posibles ofertas; no asesoramento/apoio na empresa en prácticas profesionais non laborais ou similar; na prospección de emprego; no seguimento da inserción nas empresas, se é o caso, e na avaliación do traballo realizado; ou noutras actuacións dirixidas a incrementar as expectativas de mellora da empregabilidade e as posibilidades de inserción laboral das mulleres en situación de violencia de xénero.

Tamén serán obxecto do programa accións encamiñadas á formación para o emprego, tanto a formación específica por sectores profesionais como accións formativas que teñan como finalidade adquirir as competencias clave, formación lingüística, formación en *coaching* e/ou intelixencia emocional ou formación relativa ás características da sociedade de acollida no caso de mulleres inmigrantes.

Así mesmo, as actuacións de apoio á conciliación, que consistirán na posta á disposición de servizos de atención persoal e/ou familiar, ben no fogar ou ben nun recurso comunitario, dirixidos a facilitar a participación das mulleres en situación de violencia de xénero nas accións comprendidas no seu itinerario de inserción sociolaboral ou na formación para o emprego.

MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ MÁIS DE 485.000 EUROS EN TRES ACTUACIÓNS DE HUMANIZACIÓN E MELLORA DOS ESPAZOS PÚBLICOS NOS CONCELLOS DE CORTEGADA, RIÓS E VALGA

- *O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dos convenios de colaboración que permitirá a licitación dos traballos, logo da sinatura destes entre a Administración autonómica e a local*
- *As tres actuacións están enmarcadas dentro do Plan Hurbe 2010-2016, que ten como obxectivo dar resposta á necesidade da humanización das vilas de Galicia*
- *Para este exercicio está previsto un investimento de máis de seis millóns de euros, dos que preto de catro serán para novas actuacións, o que permitirán realizar investimentos en máis de 20 concellos*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto bo aos convenios de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e os concellos de Cortegada, Riós e Valga, tres actuacións recollidas no Plan Hurbe 2010-2016, que suman un importe de máis de 4.850.000 euros e que responden ao programa de humanización de rúas e urbanización e mellora de espazos públicos.

Así, o departamento que dirixe Beatriz Mato executará varias obras de mellora e humanización que suporán poñer en valor distintas zonas destes dous concellos galegos. Tras a licitación dos traballos, será necesario asinar os convenios de colaboración, nos cales se recollen as obrigas e os deberes de cada unha das administracións asinantes, así como os traballos concretos que se levarán a cabo e que mellorarán a calidade de vida dos veciños e veciñas destes concellos galegos.

No caso do Concello de Cortegada, cun orzamento próximo aos 165.000 euros, o obxectivo do convenio é acondicionar a praza Campo da Feira, que presenta dúas alturas, o que non a fai funcional e implica grandes limitacións de accesibilidade. Tras as actuacións, a nova praza poderá albergar tanto distintas feiras e exposicións, así como espectáculos públicos, ademais de poder ser usada como recinto deportivo.

En Riós preténdese recuperar un espazo público como a praza na Trepá para convertela nunha área de interacción social, mellorando as condicións de seguridade, contribuíndo ao equilibrio territorial e creando as condicións para fixar a poboación no medio rural. Ademais, na contorna desta praza está a igrexa parroquial, os muros son de cantaría e a fachada barroca. Esta edificación está incluída no Catálogo de bens de interese cultural. O importe desta colaboración ascende a 161.000 euros.

No Concello de Valga, o convenio autorizado -cun importe de 160.000 euros- permitirá rematar a construción dun edificio administrativo para mellorar a prestación de servizos aos cidadáns. O edificio que se pretende rematar foi obxecto dunha primeira

intervención, na cal se executaron obras de estrutura e cerramento da planta baixa. O proxecto recolle a execución das obras de estrutura da planta primeira, o entramado, a cuberta, a medianeira e o peche da primeira planta e o baixo cuberta.

Na totalidade das actuacións prevese unha reordenación dos usos e a posta en valor dos espazos, facendo destes lugares puntos de encontro máis cómodos para os seus habitantes e aumentando as cotas de benestar dos veciños.

Plan Hurbe

O Plan Hurbe 2010-2016 nace como resposta á necesidade da humanización das vilas de Galicia. Tendo en conta o modelo social de integración cidadá, busca o achegamento das estruturas urbanas aos seus habitantes mediante a adecuación e creación de espazos públicos para as necesidades vixentes.

Segundo o Plan de investimentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, o departamento destinará máis de seis millóns de euros, dos que preto de catro serán para novas actuacións, que permitirán realizar investimentos en arredor de 20 concellos. O orzamento investirase, principalmente, na humanización de rúas e na urbanización e mellora de espazos públicos.

Desde a Xunta de Galicia apóstase por este tipo de programas porque, ademais de contribuír ao reequilibrio territorial de Galicia e á fixación de poboación no rural mediante a mellora da calidade de vida nestas áreas, fomenta a creación e mellora dos espazos de encontro e gozo do lecer en condicións óptimas de calidade e seguridade para as persoas de todas as idades.

Tamén se favorece a sustentabilidade futura compatibilizando o desenvolvemento económico e a agrupación arredor dos núcleos de poboación con criterios de ordenación territorial e habitabilidade, recupéranse espazos públicos que foron perdendo o seu carácter de áreas de interacción social por un inadecuado desenvolvemento urbanístico e poténciase a conservación dos equipamentos urbanos patrimonio histórico das nosas vilas.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A RENOVACIÓN DO CONVENIO DO TRANSPORTE METROPOLITANO DA CORUÑA PARA O ANO 2017, QUE CONTARÁ CUN INVESTIMENTO DE 4,3 MILLÓNS DE EUROS

- *Esta área púxose en marcha no ano 2011 cos concellos da Coruña, Oleiros, Arteixo, Culleredo, Sada, Betanzos, Bergondo, Abegondo, Carral e Cambre*
- *Nos anos posteriores integráronse os municipios da Laracha, Oza-Cesuras, Cerceda, Miño, Ordes e Carballo*
- *A renovación do convenio permite a continuidade dun plan que supón importantes aforros económicos para os usuarios, xa que a Xunta contribúe co 80% da bonificación no traxecto principal e os concellos co 20% restante*
- *A achega da Administración autonómica fai posible a bonificación do 100% dos transbordos e os descontos adicionais aos usuarios recorrentes (15%) e ás familias numerosas (20% ou 50% segundo a categoría)*
- *O Consello da Xunta tamén aprobou o convenio polo que se prorroga o convenio nas áreas metropolitanas da Santiago, Ferrol e Lugo, polo que o investimento ascende a case 6 millóns de euros*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a prórroga para o ano 2017 do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área da Coruña, que suporá un investimento de 4,3 millóns de euros. Esta renovación do acordo permite a continuidade dun plan que supón importantes aforros económicos para os usuarios e que a Xunta financia nun 80%, achegando 3,44 millóns de euros.

O Plan de transporte metropolitano da Coruña púxose en marcha no ano 2011 cos concellos da Coruña, Oleiros, Arteixo, Culleredo, Sada, Betanzos, Bergondo, Abegondo, Carral e Cambre. Nos anos posteriores integrábanse nesta área os municipios da Laracha, Oza-Cesuras, Cerceda, Miño, Ordes e Carballo.

Esta renovación do convenio permitirá, se así o ratifica a Comisión de Seguimento en que se integran a Xunta e todos os concellos, a continuidade dun plan que supón importantes aforros económicos para os usuarios.

A Xunta contribúe co 80% da bonificación no traxecto principal e os concellos co 20% restante. Tamén se puxeron en marcha bonificacións do 100% dos transbordos e descontos adicionais aos usuarios habituais (15%) e ás familias numerosas (20% ou 50% segundo se ten 3 fillos ou máis).

O plan leva consigo tamén un incremento do uso do transporte público, en detrimento do vehículo particular, feito que supón unha diminución da contaminación nas grandes cidades.

O Consello da Xunta tamén autorizou hoxe a prórroga dos plans de transporte metropolitano das áreas de Santiago de Compostela, Ferrol e Lugo, polo que o investimento que no seu conxunto realizan as administracións asinantes ascende a case 6 millóns de euros.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A RENOVACIÓN DO CONVENIO DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE SANTIAGO PARA O ANO 2017 CUN IMPORTE DE MÁIS DE 1,55 MILLÓNS DE EUROS

- *Esta área está integrada na actualidade polos concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Negreira, O Pino, Oroso, Rois, Santiago de Compostela, Teo, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vila de Cruces, Ordes, A Baña, A Estrada, Padrón e Vedra*
- *A Xunta achega o 80% da bonificación no traxecto principal e os concellos o 20% restante. Ademais, contribúe coa bonificación do 100% dos transbordos e cos descontos adicionais aos usuarios habituais, familias numerosas ou aos estudantes*
- *O Consello da Xunta tamén aprobou o convenio polo que se prorroga o convenio nas áreas metropolitanas da Coruña, Ferrol e Lugo, polo que o investimento ascende a case 6 millóns de euros*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a prórroga para o ano 2017 do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área de Santiago de Compostela, que suporá un investimento de 1,55 millóns de euros. Esta renovación do acordo permite a continuidade dun plan que supón importantes aforros económicos para os usuarios e que a Xunta financia nun 80%, achegando 1,24 millóns de euros.

Esta área está integrada na actualidade polos concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Negreira, O Pino, Oroso, Rois, Santiago de Compostela, Teo, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vila de Cruces, Ordes, A Baña, A Estrada, Padrón e Vedra.

Esta renovación do convenio permitirá, se así o ratifica a Comisión de Seguimento en que se integran a Xunta e todos os concellos, a continuidade dun plan que supón importantes aforros económicos para os usuarios.

O Goberno galego contribúe co 80% da bonificación no traxecto principal e os concellos co 20% restante. Por riba disto, a Xunta asume a bonificación do 100% dos transbordos e cos descontos adicionais aos usuarios habituais (15%) e ás familias numerosas (20% ou 50%, segundo se ten 3 fillos ou máis).

O plan leva consigo un incremento do uso do transporte público, en detrimento do vehículo particular, feito que supón unha diminución da contaminación nas grandes cidades. Grazas a esta prolongación continúa con vixencia o billete único que bonifica o custo dos transbordos, premia o uso recorrente e no cal se aplican descontos adicionais a membros de familias numerosas.

Cómpre sinalar que o Plan de transporte metropolitano mellora a accesibilidade e a mobilidade das vilas, xa que ademais de contribuir a frear a intensa utilización do vehículo particular, tamén axudará a aumentar o uso do transporte público.

Asemade, o Consello da Xunta autorizou a prórroga dos plans de transporte metropolitano das áreas da Coruña, Ferrol e Lugo, polo que o investimento que no seu conxunto realizan as administracións asinantes ascende a case 6 millóns de euros.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A RENOVACIÓN DO CONVENIO DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE FERROL PARA O ANO 2017 QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 1,1 MILLÓN DE EUROS

- *Esta área está integrada na actualidade polos concellos de Ferrol, Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Mugardos, Narón, Neda, Pontedeume, Valdoviño e Miño*
- *A Xunta achega o 80% da bonificación no traxecto principal e os concellos co 20% restante. Ademais, contribúe coa bonificación do 100% dos transbordos e cos descontos adicionais aos usuarios habituais, familias numerosas ou aos estudantes*
- *O Consello da Xunta tamén aprobou o convenio polo que se prorroga o convenio nas áreas metropolitanas da Coruña, Santiago de Compostela e Lugo, polo que o investimento ascende a case 6 millóns de euros*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a prórroga para o ano 2017 do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área de Ferrol, que suporá un investimento de 1,16 millóns de euros. Esta renovación do acordo permite a continuidade dun plan que supón importantes aforros económicos para os usuarios e que a Xunta financia nun 80%, achegando máis de 932.000 euros.

Esta área de transporte está integrada na actualidade polos concellos de Ferrol, Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Mugardos, Narón, Neda, Pontedeume, Valdoviño e Miño.

Esta renovación do convenio permitirá, se así o ratifica a Comisión de Seguimento en que están integrados o Goberno galego e todos os concellos, a continuidade dun plan que supón importantes aforros económicos para os usuarios.

A Xunta contribúe co 80% da bonificación no traxecto principal e os concellos co 20% restante. Tamén se puxeron en marcha bonificacións do 100% dos transbordos e descontos adicionais aos usuarios habituais (15%) e ás familias numerosas (20% ou 50% segundo se ten 3 fillos ou máis).

O plan leva consigo tamén un incremento do uso do transporte público, en detrimento do vehículo particular, feito que supón unha diminución da contaminación nas grandes cidades.

O Consello da Xunta tamén autorizou a prórroga dos plans de transporte metropolitano das áreas da Santiago de Compostela, A Coruña e Lugo, polo que o investimento que no seu conxunto realizan as administracións asinantes ascende a case 6 millóns de euros.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A RENOVACIÓN DO CONVENIO DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE LUGO PARA O ANO 2017, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 130.000 DE EUROS

- *Esta área está integrada na actualidade polos concellos de Lugo, Baleira, Castro de Rei, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín de Pallares, Outeiro de Rei e Rábade*
- *A Xunta achega o 80% da bonificación no traxecto principal e os concellos co 20% restante. Ademais, contribúe coa bonificación do 100% dos transbordos e cos descontos adicionais aos usuarios habituais, familias numerosas ou aos estudantes*
- *O Consello da Xunta tamén aprobou o convenio polo que se prorroga o convenio nas áreas metropolitanas da Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela, polo que o investimento ascende a case 6 millóns de euros*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a prórroga para o ano 2017 do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área de Lugo, que suporá un investimento de máis de 130.000 euros. Esta renovación do acordo permite a continuidade dun plan que supón importantes aforros económicos para os usuarios e que a Xunta financia nun 80%, achegando máis de 104.000 euros.

Esta área está integrada na actualidade polos concellos de Lugo, Baleira, Castro de Rei, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín de Pallares, Outeiro de Rei e Rábade.

O Goberno galego contribúe co 80% da bonificación no traxecto principal e os concellos co 20% restante. Por riba disto, a Xunta asume a bonificación do 100% dos transbordos e cos descontos adicionais aos usuarios habituais (15%) e ás familias numerosas (20% ou 50%, segundo se ten 3 fillos ou máis).

O plan leva consigo un incremento do uso do transporte público, en detrimento do vehículo particular, feito que supón unha diminución da contaminación nas grandes cidades. Grazas a esta prolongación continúa con vixencia o billete único que bonifica o custo dos transbordos, premia o uso recorrente e no cal se aplican descontos adicionais a membros de familias numerosas.

Cómpre sinalar que o Plan de transporte metropolitano mellora a accesibilidade e a mobilidade das vilas, xa que ademais de contribuír a frear a intensa utilización do vehículo particular, tamén axudará a aumentar o uso do transporte público.

Asemade, o Consello da Xunta autorizou a prórroga dos plans de transporte metropolitano das áreas da Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela, polo que o investimento que no seu conxunto realizan as administracións asinantes ascende a case 6 millóns de euros.

A XUNTA AVANZA NA MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS ELÉCTRICAS LUGUESAS QUE BENEFICIARÁN A 8 CONCELLOS DA PROVINCIA

- *O Goberno galego autoriza o proxecto sectorial da liña de alta tensión que unirá as subestacións de Meira e Ludrio*
- *A nova infraestrutura permitirá integrar de forma definitiva na rede eléctrica a subestación de Ludrio, o que permitirá gañar en calidade e seguridade do subministro aos preto de 120.000 habitantes dos municipios de Lugo, Outeiro de Rei, Begonte, Castro de Rei, Rábade, A Fonsagrada, Pol e Baleira*
- *A liña contribuirá a evacuar a enerxía dos parques do concurso eólico en Lugo, e contribuirá a abastecer as necesidades de potencia eléctrica das industrias e empresas da zona, impulsando a súa competitividade*
- *O proxecto, impulsado por Viesgo Distribución Eléctrica, suporá un investimento de 3,5 millóns de euros*

O Consello da Xunta avanzou hoxe na mellora das infraestruturas eléctricas da provincia de Lugo coa aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal da liña eléctrica de alta tensión que conectará as subestacións de Ludrio e Meira. Esta nova infraestrutura integrará de forma definitiva no sistema eléctrico a subestación de Ludrio, promovida no concello de Castro de Rei, e coa capacidade suficiente para abastecer as novas necesidades de potencia eléctrica tanto da poboación como das industrias e empresas da zona, impulsando a súa competitividade.

Desta maneira, a nova liña permitirá gañar en calidade e seguridade do subministro aos municipios de Lugo, Outeiro de Rei, Begonte, Castro de Rei, Rábade, A Fonsagrada, Pol e Baleira, sumando unha poboación beneficiada de preto de 120.000 persoas. A infraestrutura substituirá a parte da actual LAT Meira-Ceao e atravesará as parroquias de Ludrio, Balmonte, Azúmara, Ramil, Prevesos, Ferreiros, Pousada e Fonmiñá, pertencentes aos termos municipais de Castro de Rei, Pol e A Pastoriza. Promovida por Viesgo Distribución Eléctrica, suporá un investimento de 3,5 millóns de euros, terá unha lonxitude de preto de 15 kilómetros, e unha capacidade de transporte de enerxía eléctrica de 350 MW.

Ademais, grazas ao funcionamento conxunto desta liña e a nova subestación, será posible atender o crecemento vexetativo da demanda da zona central de Lugo e integrar a enerxía procedente de parques eólicos na rede de distribución. A nova planificación eléctrica estatal recolle a instalación nesta subestación dun segundo transformador que permita absorber a enerxía producida polos futuros parques eólicos da zona, polo que a liña Ludrio-Meira contribuirá a evacuar a enerxía dos parques do concurso eólico en Lugo.

Tras obter o proxecto sectorial o visto e praxe do Consello, procederase nos vindeiros días á autorización do proxecto construtivo, tras o cal a empresa promotora poderá comezar os traballos, que se prolongarán durante nove meses.

O CONSELLO DA XUNTA DÁ LUZ VERDE A UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 6,3 MILLÓNS DE EUROS PARA A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO IES EN SOUTOMAIOR

- *O centro suporá a creación de 480 novas prazas públicas e evitará que os rapaces desta localidade teñan que desprazarse a outros concellos para cursar o ensino secundario*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a un investimento de máis de 6,3 millóns de euros da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a construción dun novo IES na localidade pontevedresa de Soutomaior. O obxectivo desta actuación é dar resposta ás necesidades crecentes de prazas de escolarización deste concello, evitando que as rapazas e rapaces se teñan que desprazar a outros concellos para cursar estas ensinanzas. A previsión é comezar estas obras no verán.

O IES dividirase en 3 plantas. Na -1 atoparanse os servizos comúns, como o ximnasio ou a cafetería, mentres que a planta 0 estará destinada ás oficinas administrativas, a biblioteca e á área docente de secundaria. Pola súa parte, a planta 1 acollerá os seminarios e o resto das aulas. O edificio terá unha superficie escalonada, co fin de adaptarse ao terreo cunha solución arquitectónica que optimice ao máximo a construción.

O centro terá capacidade para 480 alumnos, con 12 unidades de ESO e 4 de bacharelato. Albergará 16 aulas polivalentes, 3 aulas de desdoblamento e 2 de apoio educativo, aula taller de tecnoloxía, aula de música, aula de informática, aula de plástica, biblioteca, 4 seminarios, 3 laboratorios, ximnasio, vestiarios e aseos, así como zona de administración con despacho de dirección, xefatura de estudos e secretaría, sala de profesores, despacho de orientación, sala de ANPA e sala da conserxaría. Ademais contará con zonas de servizos comúns como a cafetería, a sala polivalente, así como os cuartos de instalacións e de lixo.

A construción do novo IES contribuirá a desconxestionar o actual CPI Manuel Padín Truiteiro, permitindo que este centro se centre nas ensinanzas de infantil e primaria.

A XUNTA DE GALICIA APROBA A NOVA LIÑA DE AXUDAS PARA ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL DE GALICIA QUE CONTARÁ CUN ORZAMENTO TOTAL DE 8,4 MILLÓNS DE EUROS PARA OS ANOS 2016 E 2017

- *A Consellería de Política Social destinará un orzamento de 8.345.308 euros para os anos 2016 e 2017, o que representa un aumento do 61% respecto ao investimento realizado entre o ano pasado e este*
- *Trátase do cuarto ano consecutivo no que se incrementa o orzamento destinado a esta convocatoria que será, por segunda vez, plurianual para dar resposta ás demandas das entidades e facilitar un prazo maior para executar as súas accións*
- *Do total do orzamento resérvanse 2 millóns de euros para garantir que todos os comedores, albergues e centros de acollida reciban subvención sempre que contén coa autorización oficial da Xunta*
- *O feito de unir tres liñas de axuda nunha soa convocatoria permite unha maior axilidade na tramitación dos expedientes*
- *Estas tres liñas de axuda ocuparanse da cobertura de necesidades básicas como o aloxamento e manutención a través de subvencións aos centros; dos proxectos de carácter innovador ou complementarios aos servizos sociais comunitarios básicos; e dos centros de inclusión e emerxencia social para a súa construción, ampliación, reforma ou mellora así como a adquisición de material*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a orde para a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e de inclusión social para os anos 2016 e 2017. En total, a nova liña de axudas contará cun orzamento de 8.345.308 euros para os anos 2016 e 2017, o que representa un aumento do 61% respecto ao investimento realizado entre o pasado ano e este. Trátase do cuarto ano consecutivo no que se incrementa o orzamento destinado a esta convocatoria que será, por segunda vez, plurianual para dar resposta ás demandas das entidades e facilitar un prazo maior para executar as súas accións. Do orzamento total, a Consellería de Política Social empregará 5.997.642 no ano 2016 e 2.437.666 no ano 2017. O investimento total divídese en catro partidas: unha primeira para os centros de inclusión e emerxencia social (cofinanciada ao 80% con fondos FEDER); outras dúas para mellorar a inserción socio laboral de persoas en risco de exclusión social (cofinanciadas ao 80% con fondos FSE); e unha cuarta partida para o funcionamento de centros de inclusión e emerxencia social. O período subvencionable esténdese desde o 1 de abril de 2016 ata o 1 de marzo de 2017.

Cómpre destacar que este ano garántese que todos os comedores, albergues e centros de acollida recibirán subvención sempre que contén coa autorización oficial da Xunta. Do total do orzamento da orde resérvanse 2 millóns de euros para este fin polo que se mantén o investimento realizado en 2015 e increméntase nun 35% o destinado na convocatoria de 2014 (1,5 millóns de euros).

Ao abeiro da convocatoria e como vén sendo habitual, as entidades poderán pedir anticipos da subvención para o desenvolvemento das súas actividades de inclusión. Ademais, o feito de unir tres liñas de axuda nunha soa convocatoria permite unha maior axilidade na tramitación dos expedientes. Estas tres liñas de axuda apoian a execución de distintas actuacións. En primeiro lugar a orde regula as axudas dirixidas á cobertura de necesidades básicas como o aloxamento e manutención, a través de subvencións aos centros de inclusión e emerxencia social (albergues, centros de acollida ou comedores sociais).

En segundo lugar, destaca o investimento a proxectos de carácter innovador ou complementarios aos servizos sociais comunitarios básicos (programas de convivencia, alternativa ou de fomento da cooperación). Ao abeiro desta liña de axudas fomentárase a atención para a inclusión social e o acceso ao mercado laboral das persoas en risco de exclusión social (itinerarios de inclusión sociolaboral ou apoio á conciliación) e tamén para a poboación inmigrante (mellora das competencias ou formación lingüística, entre outros). É de destacar, neste epígrafe, a incorporación dun novo programa de mediación intercultural dirixido a facilitar a comunicación e a convivencia entre persoas procedentes de diferentes culturas.

Como novidade, a orde incorpora unha nova liña de actuación en investimento en centros de inclusión e emerxencia social para a súa construción, ampliación, reforma ou mellora, así como a adquisición de inmobles, equipamento e moblaxe ou vehículos de transporte vinculados á prestación dos servizos propios do centro.

Por outra banda prestarase atención ao compoñente territorial das dinámicas de exclusión, subvencionando actuacións en territorios que padezan exclusión territorial severa por causa da dispersión, perda de poboación ou dificultades de comunicación.

Estratexia para a Inclusión Social de Galicia 2014-2020

A Estratexia para a Inclusión Social de Galicia 2014-2020, contempla como unha prioridade os procesos vinculados á inclusión social das persoas usuarias dos servizos, establecendo unha liña de axudas destinada ao desenvolvemento de accións de capacitación persoal para a mellora da empregabilidade das persoas en situación ou risco de exclusión social, así como ao traballo de acompañamento social e ao apoio preciso para facilitar a participación das persoas destinatarias nos proxectos de inclusión sociolaboral.

A Xunta de Galicia continúa, deste xeito, traballando pola inclusión social. A partida destinada ás persoas e grupos de poboación en situación ou risco de exclusión social conta neste exercicio cuns 97,8 millóns de euros, un 20,7% máis que no exercicio de 2015.

A XUNTA DESTINA 33,2 MILLÓNS DE EUROS EN 2016 Á TRANSFORMACIÓN, COMERCIALIZACIÓN E FOMENTO DO CONSUMO DE PRODUTOS AGRARIOS

- *O importe das axudas para esta finalidade increméntase preto do 29% respecto ao ano 2015*
- *A meirande parte dos fondos corresponde á convocatoria de achegas para investimentos nas instalacións das industrias agroalimentarias, ata 25 millóns de euros*
- *Ademais, o Consello da Xunta aprobou unha achega de preto de 500.000 euros para os gastos de funcionamento dos 24 consellos reguladores de produtos de calidade*
- *O sector agroalimentario dos produtos de calidade supón en Galicia unha facturación anual duns 300 millóns de euros e implica a case 30.000 explotacións agrarias e 900 industrias*

A Xunta destina este ano un total de 33,2 millóns de euros ás axudas para mellorar as condicións de transformación e comercialización dos produtos agroalimentarios galegos, mellorar a súa calidade e promover o seu consumo. O orzamento conxunto para a convocatoria destas achegas supón un incremento próximo ao 29% respecto do ano 2015.

O Consello do Goberno galego coñeceu hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre a convocatoria para o ano 2016 destas axudas. A meirande parte dos fondos (25 millóns de euros) corresponde á convocatoria de axudas para investimentos nas instalacións das industrias agroalimentarias, cun aumento do 30% sobre a cifra do exercicio anterior. Para a promoción e mellora da calidade agroalimentaria vanse destinar os restantes 8,2 millóns de euros, o que representa un incremento próximo ao 24% en relación ao 2015.

A través destas axudasponse de manifesto o compromiso da Xunta co fomento da transformación e a comercialización dos produtos agrarios e a promoción da produción e o consumo dos produtos galegos, particularmente aqueles acollidos a algún indicativo de calidade.

Dentro destas achegas, o Consello aprobou hoxe tamén unha partida de 471.189 euros para axudar os 24 consellos reguladores cos seus gastos de funcionamento. Con estes fondos, que medran case un 6% en relación co 2015, contribúese ao desenvolvemento das funcións destas entidades, claves no fomento e promoción da súa produción e no control dos alimentos de calidade. As subvencións son de especial relevancia para os consellos reguladores cunha facturación global máis pequena e para os de recente creación, xa que son os que teñen maiores dificultades de autofinanciamento.

Protección da calidade

O sistema de protección da calidade alimentaria a través das denominacións de orixe e indicacións xeográficas constitúe unha importante ferramenta no desenvolvemento rural, xa que delimitan unha zona concreta onde se pode producir e elaborar o produto acollido, coincidindo coa área en que tradicionalmente se viña facendo, o que favorece que todo o valor engadido e a riqueza xerada quede nese territorio. Ademais, o seu recoñecemento impide que a denominación poida ser empregada por terceiros que non teñen dereito ao seu uso. Ademais, ao dar a coñecer a zona de produción, as indicacións xeográficas potencian outras actividades económicas complementarias, como o turismo rural. Polo tanto, o fomento e a promoción dos produtos de calidade son unha importante ferramenta para o desenvolvemento rural.

Aposta pola transformación como valor engadido

No documento avaliado hoxe polo Consello sinálase que o desenvolvemento agrario dun territorio non pode estar baseado unicamente na potenciación das súas producións agrícolas e gandeiras, senón que debe ter necesariamente en consideración ao conxunto do sistema agroindustrial e, en particular, as industrias agrarias. Considérase que as instalacións de transformación e comercialización de produtos agrarios son necesarias para dar viabilidade e valor engadido a estas producións, base das zonas rurais galegas.

Ademais, o mantemento e a potenciación da industria agroalimentaria favorece a pervivencia das explotacións agrarias e do tecido económico que as rodea nas zonas rurais. Por iso, o sector agroindustrial debe ser visto como un elemento clave no equilibrio territorial e no desenvolvemento das economías locais, como o indica o feito de que a maioría das empresas se sitúan en concellos de menos de 10.000 habitantes. A industria alimentaria depende das materias primas que se producen no territorio e contribúe a incrementar o valor das producións e recursos naturais.

O sector agroalimentario dos produtos de calidade supón en Galicia unha facturación anual duns 300 millóns de euros e implica a case 30.000 explotacións agrarias (moitas delas de carácter familiar) e 900 industrias, polo que acada unha grande importancia tanto dende o punto de vista económico como social. Resulta fundamental para a economía galega manter e intensificar a asociación entre a marca "Galicia" e os alimentos de calidade que existe nos consumidores do mercado español, o que repercute en beneficio de todos os cidadáns.

A XUNTA INVISTE 3,5 MILLÓNS DE EUROS EN CONTINUAR MELLORANDO AS CONDICIÓNS DOS XULGADOS GALEGOS

- *O Consello informou sobre o Plan de eficiencia enerxética e obras menores dos edificios xudiciais da Xunta de Galicia, que se vai desenvolver entre 2016 e 2018*
- *As medidas de eficiencia enerxética permitirán aforrar máis de 200.000 euros/ano*
- *Nos vindeiros tres anos faranse 185 obras menores en xulgados, 64 delas en 2016*

O Consello da Xunta de hoxe informou sobre o Plan de eficiencia enerxética e obras menores dos edificios xudiciais da Xunta de Galicia, a través do cal nos vindeiros tres anos se investirán máis de 3,5 millóns de euros para continuar mellorando as condicións dos xulgados galegos.

Concretamente, o investimento en aforro e eficiencia enerxética será de 2.433.500 euros -o 80 por cento con cargo ao Feder-, mentres que as obras menores están valoradas en 1.120.979 euros, que achegará a propia Consellería de Presidencia, Administracións e Xustiza.

No que se refire ás medidas de aforro e eficiencia enerxética, as actuacións previstas abordarán tres ámbitos fundamentais: mellora da envolvente dos edificios, instalación de sistemas de calefacción/climatización máis eficientes e mellora da iluminación das oficinas.

O primeiro bloque comprende actuacións sobre o illamento de cubertas, fachadas e fiestras, entre outros elementos; o segundo a instalación de sistemas de climatización nos edificios que o requiran e a substitución de caldeiras que empregan combustibles fósiles por outras que empreguen combustibles menos contaminantes, en especial a biomasa. O último gran bloque de actuacións comprende unha mellora da iluminación a través da instalación de lámpadas de baixo consumo enerxético (LED) e sistemas de regulación da iluminación.

Unha vez executado o plan nos edificios xudiciais da Xunta, lograrase reducir o seu consumo enerxético en 1,2 millóns de kWh/anuais e uns aforros económicos de máis de 210.000 euros ao ano. Ademais, reduciranse as emisións de CO₂ en 850 toneladas anuais e substituirase a xeración de case 900.000 kWh anuais que actualmente se están a obter a partir de combustibles convencionais -principalmente gasóleo- por unha xeración cun combustible limpo e autóctono como a biomasa.

O aforro e a eficiencia enerxética, prioridades da Xunta e da UE

O Goberno galego ten no aforro e na eficiencia un dos piares básicos de actuación na súa política enerxética, polo que a adopción de medidas dirixidas á redución do

consumo e da dependencia enerxética do exterior son unha prioridade para a Xunta de Galicia.

Por ese motivo, en novembro do ano pasado o Executivo autonómico aprobou o Plan de aforro e eficiencia enerxética da Administración pública 2015-2020, que busca desenvolver as recomendacións recollidas pola Unión Europea sobre a eficiencia enerxética do uso final da enerxía e os servizos enerxéticos.

As administracións públicas -e o sector público no seu conxunto- teñen a obriga de asumir un papel protagonista no impulso de medidas tendentes ao aforro enerxético e de medidas correctoras do mal consumo da enerxía, promovendo actuacións tendentes á eficiencia enerxética.

Nese contexto, as autoridades europeas, en colaboración coas nacionais e galegas, elaboraron o programa operativo do Fondo de Desenvolvemento Rexional (Feder) 2014-2020, que recolle as liñas estratéxicas no ámbito do aforro e a eficiencia enerxética, como fomentar medidas de apoio á xeración de enerxía con menores emisións á atmosfera, reducir a dependencia enerxética do exterior e adoptar medidas tendentes á redución do consumo enerxético, entre outras.

Este programa operativo recolle especificamente o financiamento de actuacións vinculadas ao aforro enerxético nas administracións públicas, como entidades exemplarizantes na redución do consumo de enerxía en Galicia. Concretamente, inclúe como prioridade de investimento o apoio da eficiencia enerxética, da xestión intelixente da enerxía e do uso de enerxías renovables nas infraestruturas públicas.

Impulso á biomasa

Neste sentido, cabe sinalar que a Vicepresidencia da Xunta xa puxo en marcha diversas actuacións en materia de eficiencia enerxética en sedes xudiciais nos anos 2014 e 2015, centrándose na instalación de equipamentos térmicos que empregan como combustible a biomasa.

Deste xeito, en 2014 renováronse as instalacións dos xulgados de Becerreá, Chantada, A Pobra de Trives, Ribeira e Tui; e en 2015 en Ortigueira, Marín, Xinzo de Limia e Mondoñedo. Estas actuacións supuxeron un investimento de aproximadamente 365.000 euros por parte da Xunta de Galicia e están a xerar uns aforros económicos anuais en combustible arredor do 50 por cento.

Obras menores dos edificios xudiciais

Doutra banda, a Xunta destina ano tras ano unha importante cantidade de recursos a acometer as chamadas obras menores, que non son outra cousa que obras de

adaptación, mellora ou modificacións puntuais do contido e distribución dos edificios xudiciais; así como as súas reparacións.

Estas obras, na súa maioría, aparecen recollidas no Plan de infraestruturas xudiciais, unha ambiciosa planificación que prevías as necesidades futuras de espazo xudicial en Galicia e que, ademais de obras de nova creación e rehabilitación, dedicaba un punto específico a estas pequenas obras de mellora dos xulgados galegos.

O plan que esta mañá se presentou ante o Consello recolle unha nova planificación desas obras menores, ás cales lle dedica 1,1 millóns de euros para realizar ata 185 actuacións nas catro provincias galegas. 64 destas actuacións terán lugar este mesmo ano e para elas xa hai previstos algo máis de 345.000 euros nos orzamentos 2016.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO ENTRE O GOBERNO GALEGO E O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA FACILITAR A ACTIVIDADE EMPRESARIAL NO PORTO SECO

- *A Xunta financiará o 50 % do custo das obras de construción da depuradora mediante a achega de preto de 144.000 euros*
- *Con esta iniciativa o Porto Seco quedará plenamente operativo, sen os problemas que causa o mal estado do saneamento municipal*
- *O Goberno galego investiu máis de 13 millóns de euros nas obras de urbanización do Porto Seco*
- *Actualmente están adxudicados 40.000 metros cadrados de solo a unha empresa que prevé un investimento de 20 millóns de euros e a creación de 140 postos de traballo entre directos e indirectos*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda e o Concello de Monforte de Lemos para facilitar a actividade empresarial na Área Loxística e Intermodal Porto Seco.

A Xunta de Galicia financiará as obras de construción da depuradora coa achega de 143.990 euros, que supoñen o 50 % do orzamento total, e redactará o proxecto correspondente.

O concello financiará o outro 50 % do custo das obras e encargarse da súa contratación e dirección, ademais de expoñer o proxecto á información pública e obter os permisos necesarios para a súa construción e funcionamento. Unha vez rematadas as obras de construción da depuradora, o Concello asumirá a súa titularidade, encargándose do seu mantemento, e dará por recibida a obra de urbanización do Porto Seco, realizada polo Executivo autonómico.

Con esta iniciativa da Xunta de Galicia, o Porto Seco de Monforte quedará plenamente operativo, obviando os problemas causados polo deficiente estado dos sistemas de saneamento municipais de Monforte ao que debería conectarse o saneamento da área, tal como establece o proxecto.

Cómpre lembrar que o Goberno galego investiu máis de 13 millóns de euros na urbanización do Porto Seco de Monforte de Lemos, aos cales se suman os 143.990 que destinará a financiar o 50 por cento da depuradora.

O Porto Seco ocupa unha superficie total de 307.053 metros cadrados, dos que 173.086 metros cadrados son de uso empresarial e o resto corresponde a vías, zonas verdes, aparcamentos, equipamento, etc. A primeira fase do parque empresarial, xa

urbanizada, comprende un total de 145.745 metros cadrados, dos que 53.993 metros cadrados son de uso industrial.

A Xunta adxudicou un total de 40.000 metros cadrados no Porto Seco de Monforte á empresa Abiga, a través da declaración dun proxecto singular e cunha bonificación do 50 por cento sobre o prezo das parcelas. A empresa adxudicataria prevé o investimento de 20 millóns de euros e a creación de de 35 postos de traballo directos e preto de 105 indirectos.

A XUNTA APROBA 14 NOVOS PRÉSTAMOS JEREMIE E SUMA 63 OPERACIÓNS QUE XERAN INVESTIMENTOS NAS PEMES GALEGAS DE 31 MILLÓNS DE EUROS

- *O Goberno galego autoriza apoiar con 3,4 millóns de euros estes novos préstamos, que permitirán mobilizar 6,7 millóns de euros en proxectos de pemes galegas*
- *Os préstamos súmanse aos aprobados desde a activación do programa que, en total, suman xa 17,5 millóns de fondos públicos que impulsaron a creación de 196 novos postos de traballo e a consolidación e mantemento de 1.107 empregos*
- *A maioría das iniciativas céntranse no sector industrial, que suma o 54% das operacións, seguido dos servizos, cun 21%, a hostalaría e turismo, que representan un 13%, e o comercio, cun 12%*

A Xunta de Galicia acaba de aprobar a concesión de 14 novos préstamos Jeremie, que suman 3,4 millóns de euros de fondos públicos para mobilizar 6,7 millóns de euros e investimentos empresariais. Dos 14 proxectos aos que deu luz verde a Consellería de Economía, Emprego e Industria, o 43% corresponde ao sector industrial e inclúen a adquisición dunha nave industrial, un proxecto de loxística de mercadorías que permite conservarlas a temperatura controlada, a instalación e compra de maquinaria ou a creación dun centro do automóbil con servizos de compravenda, montaxe e preparación de vehículos.

Estes préstamos súmanse aos aprobados desde a posta en marcha da liña a finais de 2014, para sumar un total de 63 operacións, con préstamos concedidos por importe de 17,5 millóns de euros para mobilizar investimentos por 31 millóns que impulsaron a creación de 196 postos de traballo e o mantemento e consolidación de 1.107 empregos.

Destas iniciativas, o 54% enmárcanse no sector industrial, contribuindo ao financiamento de proxectos que permiten ampliar ou mellorar a capacidade produtiva das empresas. Mentres, o 21% corresponde a actividades de servizos persoais, o 13% á hostalaría e ao turismo, e o 12% ao comercio.

Desta maneira, o programa de préstamos Jeremie contribúe ao desenvolvemento de distintos proxectos: apoiaron o financiamento de proxectos industriais que permiten ampliar ou mellorar a capacidade produtiva das empresas, como a adquisición de maquinaria para a esteladura de madeira nunhas instalacións do porto exterior de Ferrol ou unha máquina de corte por láser especializada no aluminio; tamén apoiaron proxectos de hostalaría como un balneario, un parque acuático e a adecuación dunha residencia xeriátrica.

Os principais beneficiados deste programa do Igape son as empresas pemes e microempresas. Así, desde a posta en marcha desta liña de apoios, un 34% de todo o montante aprobado corresponde a microempresas galegas, un 31% a pequenas empresas e o 35% restante a empresas medianas.

A principal vantaxe dos préstamos Jeremie é que poden beneficiarse de operacións que contan con xuros de 0,088%, con ata 11 anos de amortización cun ano de carencia.

Os préstamos Jeremie forman parte do programa de financiamento empresarial Galicia 1000, que acaba de ser renovado en marzo e dotado con 100 millóns de euros para mobilizar 330 millóns en investimentos, mediante ferramentas como préstamos directos, préstamos participativos e préstamos subsidiados.